

PROGRAMA DE GOBERNO

Eleccións municipais 2023



ÍNDICE

VIVENDA.....	4
ECONOMÍA E EMPREGO	6
Emprego, un concello xerador de traballo de calidade.....	7
ADMINISTRACIÓN	9
Xestión dos ingresos e dos gastos.....	9
Reforma da Administración Local	11
Transparencia e Loita contra a corrupción	11
Administración Laica.....	12
Democracia e presupostos participativos.....	13
Asemblea Xeral de Economía Municipal.....	14
FEMINISMO E POLÍTICAS DE IGUALDADE	14
DEREITOS LGTBI	16
MEDIO RURAL	17
MEDIO AMBIENTE.....	19
Enerxía	20
Xestión de residuos.....	22
Auga	23
Biodiversidade.....	24
Especies exóticas.....	27
Loita contra os incendios	27
URBANISMO.....	28
MOBILIDADE	30
ANIMAIS	31
CULTURA	32
EDUCACIÓN.....	34
DEPORTE	35
MOCIDADE	36
PERSOAS MAIORES	38
SERVIZOS SOCIAIS	39
SAÚDE E SANIDADE PÚBLICA.....	42

Pontearreas en común é un espazo político amplo e aberto á cidadanía impulsado por Esquerda Unida, Podemos e persoas independentes procedentes dos movementos sociais. A construción deste documento realizouse grazas a participación de moitas veciñas e veciños nas xuntanzas programáticas que levamos celebrando desde o mes de novembro co propósito común de traballar pola mellora das condicións de vida das persoas e o coidado do entorno.

O programa de goberno é un compromiso coa cidadanía, construído coas ideas de esquerda sobre as que levamos anos traballando. Consideramos que é necesaria outra forma de facer política, dende o diálogo, a escoita e a elaboración colectiva entre a veciñanza e a administración municipal, creando proxectos conxuntos e traballando dende as necesidades reais e concretas da cidadanía. Pero tamén coa convicción de que hai que mudar en parte a orientación das políticas realizadas ata hoxe dende o Concello. Dende Pontearreas en común temos o claro compromiso de fomentar a participación democrática e de construír unha alternativa de goberno que traballe pola recuperación dos servizos públicos privatizados, a democratización da xestión municipal e a aposta pola igualdade real entre homes e mulleres. Presentamos un programa para gobernar Pontearreas ao servizo da maioría social.

O documento que se presenta a continuación delimita as medidas que, se obtemos un apoio amplo das veciñas e veciños de Pontearreas, trataremos de levar adiante desde o Concello para defender ás persoas traballadoras garantindo todos os dereitos. Son as liñas que imos marcar para defender o medio natural ante a crise climática, para construír unha Pontearreas feminista que fomente a organización colectiva, a escoita e a reflexión como forma de facer política e unha vila que traballará polos dereitos das persoas mozas, para que queiran seguir vivindo aquí, e das persoas maiores, para que o seu exemplo e aprendizaxe sexan compartidos e tidos en conta.

A nosa tradición política é facer do noso programa de goberno un contrato vinculante coa cidadanía. Un documento analizado e construído en común. Este documento recolle, por unha banda, as propostas que delimitan que queremos facer co espazo que habitamos e onde transcorre a nosa vida cotiá e por outra que cousas son as que nos permiten ser felices e levar unha vida plena.

A continuación pódese atopar o compromiso de Pontearreas en común, un contrato coa xente do común para construír unha Pontearreas que non deixa a ninguén atrás, que escoita, que participa e que loita por todos os dereitos para todas as persoas.



As xentes do común que van defender un programa de goberno que coloca a vida no centro.

VIVENDA

O actual mercado económico impulsou diferentes reformas en materia de alugueiro e políticas de propiedade pública que impiden o acceso a unha vivenda de calidade. Esta realidade afecta de forma especial á emancipación da xente nova que non pode desenvolver o seu modelo de vida.

A estafa hipotecaria producida por decenios de políticas neoliberais en España e Europa, está xerando unha vulneración sistemática de dereitos fundamentais, coa súa cara máis dramática nos desaloxos e nas débedas das unidades de convivencia que continúan a sucederse no 2023. Estes anos demostraron que deixar o dereito da vivenda ao arbitrio do mercado destrúe o dereito e, ademais, non supón actividade económica sostible nin xeradora de emprego estable, senón un negocio depredador e especulativo.

En Ponteareas en común somos conscientes que desde o Concello pódense poñer en marcha políticas públicas que melloren e camiñen coa idea de garantir unha vivenda de calidade a toda a cidadanía. Por isto levamos adiante as seguintes propostas en materia de vivenda que imos impulsar desde o goberno:

1. Elaborar un **Plan Municipal de Vivenda**, que recolla:
 - a. Realizar un estudo sobre o estado da vivenda no Concello incluíndo as que estean en propiedade dos bancos e grandes tenedores.
 - b. Censo de vivendas deshabitadas.
 - c. Necesidades das vivendas que precisan rehabilitación.
 - d. Número de infravivendas.
 - e. Demanda municipal de vivenda en alugueiro e en propiedade.
 - f. Estado das vivendas sociais.
 - g. Realizar campañas de concienciación sobre o dereito á vivenda.
2. Crear o **Parque de Vivendas de Ponteareas** de titularidade municipal mediante a adquisición ou promoción de vivendas.
3. Posta en marcha dunha Oficina da Vivenda para facer efectivo o dereito a un espazo habitable. Este servizo prestará asistencia xurídica e técnica ás persoas propietarias e arrendatarias para prever, mediar e protexer no risco de desafiuzamento hipotecario e de aluguer e facilitar o acceso a unha vivenda dos sectores máis desprotexidos.
4. Defender o acceso á vivenda digna como dereito fundamental, de acordo á súa función social polo que crearemos unha **Bolsa de Aluguer Municipal**, que promova o alugueiro social para aquelas persoas que o precisan, incentivando, desde o sector público o alugueiro das vivendas desocupadas. Estableceremos as seguintes medidas:
 - a. Creación dun censo de vivendas baleiras (incluído no Plan Municipal).
 - b. Creación dun Rexistro Municipal de Demandantes de Vivenda en Aluguer.
 - c. Conseguir vivenda municipal a través dos mecanismos establecidos na Lei 1/2019, de 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
 - d. Creación dun Banco de Vivenda Pública destinada ao aluguer procedentes da rehabilitación de vivendas abandonadas ou en estado de ruína. Promoveremos que a Xunta declare o centro histórico de Ponteareas como Área de Rexeneración Urbana de Interese Autonómico (Rexurbe). Desta forma:
 - i. Auméntase o acceso á financiación autonómica para a rehabilitación.

- ii. Nos casos en que a propiedade non cumpra co deber de conservación, facilítase o proceso de expropiación forzosa.
- iii. Permite a creación dun censo de edificacións abandonadas de cara a establecer un canon aos inmobles declarados en estado de abandono.

Por outra parte, cumpriremos coa lexislación vixente en canto a obrigação dos Concellos de velar porque os edificios de máis de 50 anos obteñan o Informe de Avaliación de Edificios. A tramitación destes informes garante que os inmobles antigos manteñan unhas condicións de seguridade e conservación adecuadas. Ademais, se non se levan a cabo as obras de conservación necesarias, o Concello fará efectiva a súa facultade para expropiar esas vivendas de cara a integralas no Banco de Vivenda Pública. En ningún caso se realizarán expropiacións forzosas se a propiedade carece de alternativa habitacional.

- e. Subida do IBI do 50% (máximo permitido) ás vivendas permanentemente baleiras atendendo aos motivos do seu desuso. Isto non se aplicará ás que se acollan ao Plan de Aluguer Municipal.
 - f. As persoas propietarias que inscriban as súas vivendas no Plan de Aluguer Municipal veranse beneficiadas cun sistema de garantías en forma de póliza de seguros que cubrirá danos e non pagamentos.
 - g. O Concello avalará o aluguer nos casos que se considere necesario.
 - h. Esixirase ás diferentes administracións a creación dun parque de vivendas públicas para o alugueiro social.
5. Promover a emancipación da mocidade mediante un programa de alugueiros sociais específico para a **xente nova que permita alugueiros a partir de 150€** (dependendo dos ingresos).
 6. Facilitar o acceso á vivenda a través da autoconstrución. A administración municipal cederá o terreo ou edificios para rehabilitar, aportará os servizos técnicos e proporcionará créditos para os materiais necesarios. Estas medidas serán acordes á situación económica concreta de cada solicitude.
 7. Fomentar as cooperativas de axuda mutua.
 8. É urxente cambiar o modelo produtivo, pasando da especulación da construción á cultura da rehabilitación. Propoñemos destinar recursos públicos para a dignificación do parque residencial a aquelas persoas que por motivos económicos non poden manter as súas edificacións en condicións de habitabilidade.
 9. Mellorar a habitabilidade das vivendas existentes tramitando as subvencións existentes da Xunta de Galicia e complementando con axudas municipais.
 10. En todas as actuacións en materia de habitabilidade promovidas polo Concello de Ponteareas teranse en conta criterios de sostibilidade ambiental.
 11. A Administración Local non desafiuzará do seu parque de vivendas a aquelas persoas sen alternativa de habitabilidade.
 12. **Os bombeiros/as e a Policía Local non participará nas execucións hipotecarias ou desaloxos por aluguer.** Así mesmo, tomaranse medidas paliativas para aqueles casos nos que se vulnere o dereito fundamental a un espazo en condicións de habitabilidade.

ECONOMÍA E EMPREGO

É urxente un sistema de desenvolvemento económico que coloque ás persoas no centro das políticas económicas. Propoñemos un modelo laboral cun carácter eminentemente social e co obxectivo inmediato de equilibrar os conceptos de Mercado e Estado. Necesitamos situar no centro das medidas económicas á creación de emprego estable e de calidade, o interese xeral e o desenvolvemento sostible dende os puntos de vista humano, social e medioambiental.

Co obxectivo de paliar os efectos da situación de precariedade na que nos atopamos, son urxentes medidas destinadas á creación de emprego e xeración de riqueza para o común da sociedade a curto e medio prazo. Desde **Pontareas en común** traballaremos para implantar as seguintes propostas:

1. Elaboración dun Plan Económico aberto para outros concellos das comarcas do Condado, a Paradanta e Louriña. Identificar as potencialidades económicas dos recursos actuais e os que se poden explotar nun futuro para desenvolver políticas públicas de impulso dos sectores máis prometedores.
2. Os **orzamentos participativos**, elaborados pola veciñanza organizada, permitirán realizar un plan de choque económico con inversión municipal para atender as necesidades persoais de forma equitativa.
3. Comezar os trámites para a **municipalización** do SAF, o taller mecánico, o servizo de auga, o servizo da xestión de biomasa, o servizo de prevención e xestión de residuos, e a explotación do complexo deportivo Álvaro Pino.
4. Creación dunha **Empresa Pública Municipal** para promocionar sectores económicos infrapotenciados no concello e que contén con potencialidades de implementación no municipio.
5. Desenvolver un plan de ordenación agro-forestal a nivel municipal en relación ó Plan Económico. O Concello, como promotor organizativo e económico, xunto coas comunidades de montes en man común e persoas propietarias que así o estimen, acadarán un aproveitamento sostible do territorio agrícola e forestal do municipio. Os diferentes sectores a coordinar serán os seguintes: madeireiro, forraxeiro, gandeiro, alimentario, social, turístico, ecolóxico e enerxético.
6. Desde o Concello fomentaremos a **creación de cooperativas** de produción e de consumo. Consideramos que todas as persoas que queiran traballar deben poder acceder a un emprego. Por este motivo, o Concello promoverá a creación de postos de traballo mediante as cooperativas. Estas enfocaranse, nun primeiro momento en aproveitar os recursos existentes na zona, mediante o fomento da agricultura, do sector forestal e da xestión dos residuos. As cooperativas de consumo servirán para distribuír a produción local, de forma que se fomente a soberanía local e o coidado do medio (ao reducir o transporte de mercancías). O Concello fomentará as cooperativas mediante a elaboración dun Plan Fomento do Cooperativismo. Este plan elaborárase de forma participativa a partir do estudo minucioso das potencialidades da noso entorno. Entre outras medidas, este plan poderá contemplar: a aprobación de subvencións, os medios para o asesoramento e formación, a creación de servizos de apoio á xestión das cooperativas, etc.

7. Creación dunha promoción pública de cultivo local xestionada dende o concello e que fomente a creación de cooperativas e que se apoie na Empresa Pública Municipal para a súa promoción.
8. Creación dunha promoción pública de xestión do monte dende o concello e que fomente a creación de cooperativas e que se apoie na Empresa Pública Municipal para a súa promoción.
9. Reivindicar ao resto de administracións a transferencia da xestión e dotación económica en materia de servizos sociais e a xestión pública da Lei de Dependencia.
10. Nas taxas, impostos e prezos públicos de carácter municipal que sexan legalmente posibles, seguiranse criterios de **progresividade**, garantindo que cada persoa contribúa en función da súa capacidade económica.
11. Aplicar a lexislación vixente para evitar a especulación, incrementando os tipos no imposto de plusvalía nos alleamentos (cambios no título de propiedade ou uso) que se produzan nos primeiros anos de tenencia do ben ou servizo.
12. Asignar a **progresividade no Imposto de Actividades Económicas (IAE)** conseguindo que as empresas que menos facturen, menos paguen.
13. Modificar o **Imposto de Bens Inmóveis (IBI) e gravar ás vivendas baleiras** que non se acollan á bolsa de aluguer social e aplicar un tipo impositivo gradual.

Emprego, un concello xerador de traballo de calidade.

Queremos un Concello que defenda unha economía ao servizo das persoas traballadoras e impida a agresión dos grandes capitais. Demostramos alá onde gobernamos, sexa nos concellos gobernados pola esquerda, sexa dende o Ministerio de Traballo do Goberno de España, que somos capaces de crear máis e mellor emprego para as clases populares. O obxectivo é sinxelo pero ambicioso: toda persoa que queira traballar ten o dereito a traballar e, por tanto, é obrigación da administración pública garantir ese dereito.

Así mesmo, debe ser tarefa do Goberno Local eliminar os prexuízos sobre algúns traballos socialmente desprestixiados e que son absolutamente necesarios para a unha sociedade xusta, e que por tanto deben ser dignificados tanto en percepción social como en condicións materiais.

En relación á xeración de emprego propomos:

1. Incluir **cláusulas sociais nos pregos de condicións** dos contratos que realice o Concello coas empresas, nos casos que non sexa posible o servizo desde a administración pública. Debemos garantir que a administración local traballe con empresas que xeran emprego de calidade, respectan os convenios colectivos, fomentan a igualdade entre homes e mulleres na conciliación e nas condicións laborais e favorecen a participación de sectores da poboación en risco ou exclusión social. Por outra banda, rexeitaremos contratacións por medio de ETT e serán prioritarias aquelas empresas que recoñezan unha xornada laboral de 35 horas semanais sen prexuízo salarial das súas traballadoras e traballadores.

2. Fomentar a economía agropecuaria local, potenciando a venta directa das persoas produtoras e pequenas distribuidoras do municipio co obxectivo de respectar un prezo de venta xusto para quen produce. A promoción destas actividades, levarase a cabo por medio da potenciación de mercados de produtos locais, a creación de obradoiros formativos e a participación na toma de decisións políticas das persoas produtoras e distribuidoras de Pontearreas.
3. **Promover un turismo patrimonial e ambiental sostible** como ferramenta creadora de emprego de calidade, coidando e dinamizando os diferentes espazos naturais e históricos da nosa vila. **Pontearreas pulará por ser reclamo cultural e modelo de respecto ao medio natural.**
4. Apoiar á pequena empresa e á economía social e cooperativa que garanta espazos produtivos afastados do modelo servizos de baixos salarios. Porase especial interese en facilitar a participación de empresas de economía social e cooperativas por parte do Goberno Local.
5. Concesión de infraestruturas, instalacións e ferramentas precisas para o exercicio das actividades cooperativas e de economía social. Esta cesión farase mediante a implantación dun réxime de alugueiro local que garanta a sostibilidade dos recursos municipais.
6. **Fomentar a creación dun banco de terras municipal**, con adhesión voluntaria, no que se distribúan co gallo de ser produtivas e revertir o abandono do medio rural e o problema demográfico.
7. Crear un sistema de microcréditos que axuden a financiar pequenas inversións en actividades produtivas.



ADMINISTRACIÓN

Ao Concello de Ponteareas, como a institución máis próxima, diríxese a cidadanía para trasladar problemáticas e demandas, constituíndo deste xeito o ámbito desde o que é posible poñer en marcha procesos democráticos baseados na participación.

Desde **Ponteareas en común**, traballamos por unhas institucións que defendan os servizos públicos, o pluralismo cooperativo, a descentralización de funcións, a posta en práctica de procedementos sinxelos e accesibles a todas as persoas, a prestación de servizos municipais de calidade e o fomento da participación cidadá. Por elo, comprometémonos a realizar o preciso para avanzar na rexeneración da vida democrática e na inclusión de todas as persoas e colectivos na vida política, asegurando un comportamento ético de todas as que acceden a un cargo público.

Xestión dos ingresos e dos gastos

A administración local xoga un papel fundamental no proceso de cohesión social. É o Concello de Ponteareas o primeiro que debe reaccionar ante as demandas cidadás e **garantir unhas condicións de vida digna**.

As administracións locais están gravemente prexudicadas pola aprobación da Lei para a Racionalización e a Sostibilidade da Administración Local, aprobada polo goberno do Partido Popular o 31 de decembro de 2013. Unha lexislación que pretende o desmantelamento da autonomía e a democracia local, a privatización sistemática e a perda de servizos públicos municipais.

Desde **Ponteareas en común** apostamos por loitar e acadar que os concellos gocen de maiores medios e autonomía financeira. Seguimos esixindo a mellora das partidas orzamentarias municipais, para garantir a redistribución das rendas e a suficiencia económica, elementos fundamentais para profundar na democratización das institucións. Por iso, concretamos as seguintes propostas en relación aos ingresos:

1. Vincular o financiamento de Taxas e Prezos Públicos á capacidade económica do contribuínte.
2. Reclamar á Deputación de Pontevedra que facilite o pago dos diferentes, mediante a creación de sistemas que permitan o seu abono ao longo de todo o ano, a aqueles impostos municipais nos que todavía non se facilita esta forma de abono e que resulten especialmente gravosos para a veciñanza.
3. Penalizar a especulación mediante o incremento dos tipos a aplicar no imposto de plusvalía nos alleamentos (cambios no título de propiedade ou uso) que se producen nos primeiros anos de tenencia da propiedade.
4. Dado o escaso marxe de política fiscal atribuída pola lei ós concellos, buscar recursos alternativos mediante a xestión do patrimonio municipal.
5. Facilitar os **servizos de inspección tributaria e loita contra a fraude fiscal**.
6. Potenciar os distintos departamentos para a procura e xestión das subvencións no ámbito comunitario, estatal, nacional e provincial. Avaliar a calidade destes departamentos xa creados e decidir se é preciso o seu reforzo.

Ao igual que é preciso unha xestión eficaz e eficiente en materia de recadación, é esencial unha boa xestión dos recursos materiais e económicos que invirte o Concello de Ponteareas e que se concretan nas seguintes medidas:

1. Avaliar todos os servizos de titularidade pública, co fin de evitar a duplicidade no gasto debido a relacións clientelares entre goberno municipal e empresas privadas, promovendo sempre que sexa posible a remunicipalización.
2. Limitar a **retribución dos cargos municipais a dúas veces o SMI como máximo**.
3. Eliminar os gastos superfluos en materia de espectáculos e ocio, avogando pola creación de riqueza cultural e de ocio a nivel local, facendo posible a autoxestión municipal das festas e outros eventos, incentivando así a reversión económica no pobo.
4. Traballar o deseño do novo equipamento municipal de nova construción baixo o prisma de redución de gastos de mantemento.
5. Empregar fórmulas de organización municipal que reduzan os gastos de xestión, mellorando a eficacia dos sistemas de titularidade pública. Así mesmo, aumentar, na medida do legalmente posible, o número de persoal técnico municipal.
6. Continuar e **potenciar as medidas de control enerxético** para reducir os consumos de auga, gas, electricidade, telefonía, carburantes en xeral e materiais consumibles en toda a administración local.
7. Crear un departamento de administración dos recursos municipais. Entre os seus cometidos estará implantar sistemas de compra centralizados co fin de obter mellores prezos e a racionalización dos equipos municipais para evitar un uso compartimentado e pouco eficiente dos recursos municipais.
8. **Eliminar a publicidade partidista** desde o goberno municipal.
9. Limitar ao imprescindible os gastos da actividade do goberno municipal (viaxes, eventos protocolarios, comidas...).
10. **Permitir dedicacións parciais só para persoas que non dispoñan dun traballo a xornada completa**. Quen cobre para traballar no Concello debe dispoñer de tempo para facelo.
11. Comprometerse a espremer as marxes legais no beneficio común estudando a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local imposta polo anterior goberno central do PP tras o cambio constitucional promovido polo PSOE no ano 2011 que puxo ao mercado económico por diante das persoas.

Na construción dun Concello transparente e democrático, poremos en práctica as seguintes medidas centrais:

- Realizar unha auditoría dos contratos que ten o Concello con empresas privadas.
- Completar o inventario dos recursos materiais e bens públicos cos que conta o Concello de Ponteareas. Revisarase o actual estado do inventario de camiños públicos.

Reforma da Administración Local

O asentamento da cultura democrática só será posible reformando o xeito de facer política e apostando por unha democracia participativa que teña como obxectivo o cambio substancial que leve a un xiro económico, social, cultural e ético. Desde a participación cidadá e a transparencia na xestión do público, desde Ponteareas en común formulamos:

1. Adecuar a organización e o número de efectivos da Administración Local ás competencias e funcións que realizan. E delimitar con claridade os ámbitos políticos, administrativos e de xestión. Traballo que axudará a mellorar a actual RPT.
2. **Implantar a xornada laboral de 35 horas semanais e traballar tamén pola implementación das semanas de 4 días laborais.**
3. Garantir o acceso á información municipal por parte da cidadanía, coa dixitalización da documentación do Concello. Garantindo así á veciñanza o dereito de acceso, mediante as ferramentas tecnolóxicas adecuadas e **cumprindo a Lei de Transparencia.**
4. Impulsar politicamente o cumprimento do Regulamento de Participación Cidadá presentado por Esquerda Unida na lexislatura 2015-2019 e aprobado en pleno municipal e consensuado co resto de grupos políticos.
5. Desenvolver mecanismos que obriguen ao alcalde ou á alcaldesa e ao seu equipo de goberno a **render contas de forma periódica.**

Transparencia e Loita contra a corrupción

A corrupción é un fenómeno estrutural do capitalismo que deteriora a democracia e nega os principios de transparencia e igualdade. **Defenderemos cantas medidas sexan precisas para erradicar esta lacra que pon en perigo aos servizos públicos e á participación política da cidadanía.** Neste sentido, o goberno actual en Ponteareas non está a por esforzo en ter unha administración transparente e accesible a toda a cidadanía como mostra a xestión do Rexistro ou do Portal de Transparencia. Por iso propoñemos:

1. Adoptar medidas precisas para asegurar un comportamento exemplar das persoas que representan á cidadanía aplicando o código ético e mecanismos de control.
2. **Velar pola transparencia financeira** de todos os grupos políticos con representación no pleno municipal.
3. **Regular de maneira estrita as incompatibilidades e a obriga de declarar os bens patrimoniais.** Tamén, poñer en marcha unha ordenanza expropiadora dos bens adquiridos mediante prácticas corruptas.

4. **Crear a figura da Defensora/or da cidadanía** como órgano municipal que vele polos intereses de toda a veciñanza de Ponteareas.
5. Garantir a máxima transparencia na tramitación dos contratos públicos. É necesario reformar a actual páxina de transparencia, que se caracteriza pola súa opacidade, para facilitar o acceso aos contratos. Ir mais alá da lexislación e publicar a xestión de contratos tanto maiores como menores na páxina do Concello de Ponteareas. Con esta información tratarse de impedir actividades corruptas entre empresas e o Goberno Local, imposibilitando prácticas que favorezan a unhas e prexudiquen a outras.
6. Para os contratos maiores asinar un código ético e unha declaración de loita contra o fraude onde se recolla non ter interese persoal que poida interferir na obxectividade do proceso de contratación.

PROGRAMA! *programa!* PROGRAMA!

Administración Laica

Desde **Ponteareas en común** cremos que a laicidade é fundamental nunha democracia. As actividades de culto deben ser ofertadas polas diferentes institucións relixiosas e non pola administración local. Así, poremos en marcha as seguintes medidas para achegarnos a unha Ponteareas laica:

1. Ningunha autoridade, cargo público ou funcionario participará, en calidade de tal, en cerimonias relixiosas, nin aceptarán distincións en función do seu cargo.
2. Os actos relixiosos que impliquen o uso da vía pública levaranse a cabo cumprindo coa mesma legalidade e tramitación que corresponda a calquera acto civil promovido por calquera organización privada.
3. A cooperación que as Administracións poidan establecer coas entidades relixiosas rexerase polos mesmos principios que sexan de aplicación a calquera outra entidade de carácter privado, sempre de acordo ao interese público e en ningún caso para actividades litúrxicas nin de culto relixioso.
4. Non se concederá financiamento directo nin indirecto (sexan subvencións e doazóns, ou exencións e bonificacións fiscais) a ningunha confesión ou institución relixiosa para a súa aplicación en bens de uso privativo ou para a realización das súas propias actividades de carácter relixioso.

Democracia e presupostos participativos

Entendemos a democracia como a participación nos asuntos públicos de toda a sociedade. Non nos resignamos a asumir que a democracia cinguese a votar cada catro anos aos representantes públicos. A democracia debe esixir unha relación inmediata entre a xestión da administración local e a vontade da cidadanía exercida día a día. É por iso necesario un cambio no talante na xestión e disposición dos proxectos municipais, a iniciación da institucionalización da participación e por último, amosar que a participación e o diálogo ten un efecto inmediato nas políticas públicas.

Desde **Ponteareas en común** poremos en marcha un proceso de socialización da economía municipal, co gallo de que a veciñanza teña influencia directa nas decisións sobre o gasto público, incidindo na participación das asociacións locais e organizacións veciñais. Os recursos orzamentarios asignados de xeito participativo non comprometerán ás partidas imprescindibles para garantir as necesidades básicas da poboación, debendo cumprir criterios de sostibilidade ecolóxica, equidade social, solidariedade e diversidade. Por iso adoptaremos as seguintes medidas, baseadas na experiencia doutras vilas que xa xestionan os seus recursos dun xeito participativo:

1. Impulsar un proceso de concienciación da necesidade de planificación democrática da economía, colocando a vida digna no centro da política. Aplicaremos o regulamento de participación cidadá aprobado a iniciativa de Esquerda Unida no pleno municipal pero non desenvolvido polo actual Goberno Municipal do BNG-PSOE.
2. Poñer en marcha modelos de elaboración de **Orzamentos Participativos**.
3. Implementación da figura dos consellos sectoriais abertos á cidadanía e ás organizacións civís para discutir e elaborar as políticas sectoriais municipais.
4. Fomentar o talante conciliador e a **iniciación de procesos participativos** no deseño e na implementación dos proxectos.
5. **Impulsar un tecido asociativo potente** mediante a asignación de recursos e o diálogo activo para garantir a participación.
6. Establecer criterios á hora de dotar de recursos aos colectivos veciñais, asociacións e movementos sociais. Velaremos **pola incorporación da perspectiva de xénero nas asociación do municipio e fomentaranse os criterios participativos, democráticos e igualitarios**, tendo en conta de forma especial aqueles colectivos historicamente discriminados.
7. Instaurar a transparencia institucional, de forma que anualmente presentaranse publicamente balances da contabilidade do curso anterior, para comprobar que se fixo, que se está a facer e que resta por executar do programa de goberno.
8. **A creación das asembleas parroquiais**, espazos pensados para a rendición de contas do Goberno Local nas 24 parroquias. Nas asembleas parroquiais un membro do Goberno Local presentará as políticas levadas a cabo e onde a veciñanza poderá dialogar directamente sobre aqueles temas de ámbito municipal. O Goberno Local traballará previamente coas asociacións veciñais das parroquias unha orde do día e os asuntos máis inmediatos a tratar.

Asemblea Xeral de Economía Municipal

1. As decisións económicas participativas do Concello de Ponteareas tomaranse nunha **Asemblea Xeral de Economía Municipal** que será impulsada e coordinada polo Goberno Local. Nela, as persoas representantes das asociacións, movementos sociais e colectivos veciñais, participarán garantindo a participación da maioría na toma de decisións. Isto porase en práctica cos orzamentos participativos e estará regulado de forma específica.
2. Crearase unha comisión da economía local para facer valer e aplicar os debates xurdidos pola Asemblea Xeral de Economía Municipal. Estará integrada pola representación das asociacións locais e partidos políticos, tendo en conta os seguintes criterios:
 - a. Cinguirse ás decisións tomadas pola asemblea xeral de economía municipal.
 - b. Equidade na distribución de servizos e infraestruturas.
 - c. En cada actuación concreta consideraranse as prioridades decididas nas asembleas do lugar.
 - d. Dar prioridade ás necesidades de recuperación ambiental, social ou de entorno das áreas de poboación.

FEMINISMO E POLÍTICAS DE IGUALDADE

Historicamente as mulleres sufrimos a discriminación, a invisibilización e unha dobre explotación do sistema patriarcal e capitalista. A infra inversión en servizos sociais e en educación aumentan a sobrecarga do traballo reprodutivo que ao longo do tempo asumimos as mulleres de forma invisibilizada e gratuíta. Os recortes en igualdade deixan no desamparo a miles de vítimas de violencia machista ou en risco de selo.

Neste contexto, é máis necesaria que nunca a perspectiva de xénero para crear unhas políticas municipais que dean resposta aos ataques das teses neoliberais aplicadas ata o de agora. Son indispensables tanto propostas institucionais como de participación social das mulleres.

Partindo desas premisas, desde **Ponteareas en común** propoñemos:

1. Mellorar o funcionamento e o traballo da **Concellería de Igualdade**, que contará con persoal específico e cun orzamento suficiente para as políticas propias dirixidas ás mulleres.
2. Asegurar a transversalidade nas políticas realizadas desde outras áreas do Concello desde a Concellería de Igualdade, propondo e coordinando as mesmas.
3. Crear un **Observatorio de Xénero Municipal** encargado de profundar na análise da realidade do noso municipio en relación coa igualdade de oportunidades. E realizar estudos desagregados por sexo de forma periódica, unha ferramenta indispensable para a introdución de políticas de xénero. Permitiranos saber a situación da que partimos e a evolución e impacto das políticas levadas a cabo.
4. Elaborar un **Plan Integral Municipal Contra a Violencia Machista**. Priorizará a sensibilización, prevención e detección. E axudará a desenvolver unha estratexia que mellore a atención das mulleres vítimas de violencia machista.
5. **Cumprir o Plan de Igualdade**. Deberá ser seguido por todas as concellerías e departamentos do Concello, co fin de levar a cabo unha actuación transversal.

6. Enfocar os **Orzamentos Participativos desde unha perspectiva de xénero**, é dicir, atendendo ás necesidades de toda a poboación e ás diferentes posicións e condicións de homes e mulleres. Incorporando ademais mecanismos de participación activa das mulleres.
7. **Mellorar o funcionamento do Centro de Información a Muller (CIM)**, mediante a dotación de medios materiais e de persoal cualificado; a ampliación do horario tanto de atención ao público como para outras cuestións concretas (atención xurídica, psicolóxica, etc); a difusión e o acceso á información entre as mulleres das funcións do CIM. Debe ser referente para informarse e/ou denunciar casos de violencia de xénero.
8. Ofrecer atención integral e efectiva ás vítimas de violencia machista con medidas como a creación de dispositivos de urxencias para aquelas mulleres vítimas (ao marxe da solicitude ou non da orde de protección) ou a prestación de acollemento, entre outras.
9. Implementar procedementos que permitan a acreditación nos servizos sociais municipais das vítimas de trata e explotación sexual como vítimas de violencia de xénero.
10. Elaborar campañas municipais para a **sensibilización da poboación** contra a trata de persoas, a explotación sexual e os consumidores de prostitución.
11. Favorecer a participación equilibrada de mulleres e homes nos empregos do concello, especialmente naqueles departamentos e categorías profesionais nas que se atopen infrarrepresentadas.
12. Apoiar a inserción laboral das mulleres e consolidar os servizos específicos municipais de emprego. Tamén, estudar e potenciar fórmulas de creación de emprego adecuadas ás mulleres desempregadas, dentro do marco da economía social.
13. Promover a formación ocupacional e profesional agraria para os sectores de **mulleres do ámbito rural**.
14. Facilitar a integración social das mulleres pertencentes a colectivos especialmente vulnerables (en situación de marxinación ou exclusión social, migrantes, con diversidade funcional, etc) mediante o desenvolvemento de programas específicos de atención.
15. Informar e sensibilizar á poboación e aos diferentes axentes sociais sobre a conciliación da vida laboral e familiar. Así como promover campañas municipais sobre corresponsabilidade e sensibilización ao respecto.
16. Fortalecer a oferta de servizos municipais dirixidos a facilitar a conciliación da vida laboral e familiar: **remunicipalizar o servizo de Plan Madruga, os comedores escolares e o servizo de axuda no fogar, ampliar as prazas da Escola Infantil, mellorar a actividade do centro de día do municipio, etc.**
17. Analizar a imaxe de homes e mulleres ofrecida na publicidade de ámbito municipal e levar a cabo accións de sensibilización a colectivos e medios de comunicación para que non participen na difusión de imaxes estereotipadas. Así mesmo, establecer canles de denuncia da publicidade que atente contra a dignidade da muller.
18. Elaborar un manual de boas prácticas non sexistas para aplicar nos departamentos e servizos municipais e en todo o ámbito laboral do concello. Fomentando un uso non sexista da linguaxe e da imaxe pola administración local, axente impulsor e exemplar do recoñecemento da muller na sociedade e da eliminación dos estereotipos de xénero.
19. Desenrolar **campañas e accións formativas orientadas á igualdade**: obradoiros de empoderamento e sexualidade para mulleres e obradoiros de novas masculinidade para os

homes, que axuden a deconstruír o mito heterocentrista e androcentrista. Entre ambos débense destruír os mitos patriarcais de submisión, pracer, etc., garantindo unhas relacións equitativas entre as persoas.

20. Desenvolver campañas e accións formativas dirixidas á educación afectivo sexual, que respecten a diversidade e que axuden a rematar coas conductas discriminatorias cara o colectivo LGTBI.
21. Desenrolar actividades escolares complementarias con formulacións que potencien valores non sexistas e contrarios a calquera tipo de discriminación.
22. Promover o deporte entre a poboación feminina máis nova, especialmente naquelas disciplinas nas que existe infrarrepresentación dalgún dos sexos.
23. **Fomentar o asociacionismo entre as mulleres de Ponteareas**, co apoio aos colectivos locais feministas e/ou que desenvolven actividades para o fomento da igualdade de oportunidades, recoñecendo o importante papel que compren no desenvolvemento local.

DEREITOS LGTBI

A pesares dos avances conseguidos polo **movemento LGTBI** en materia de liberdades sexuais nos últimos anos, hoxe en día seguen existindo situacións de discriminación e desigualdade. É necesario impedir calquera retroceso, consolidar as metas xa conseguidas e continuar a loitar pola dignidade de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais ata conseguir a igualdade real. Non se conseguirá mentres as persoas LGTBI sigan sufrindo agresións na rúa ou nos centros de traballo ou de estudo.

Constitúen un dos colectivos que sofre máis delitos de odio.

Desde a política municipal pódese facer un importante traballo para lograr estes obxectivos. **Ponteareas en común** é defensora dos Principios de Yogyakarta, aprobados polo Alto Comisionado das Nacións Unidas para a aplicación da lexislación internacional dos dereitos humanos con relación á orientación sexual e á entidade de xénero. Teñen como cometido evitar a vulneración dos dereitos e dar protección ás persoas LGTBI. En base a isto en **Ponteareas en común** formulamos o seguinte:


1. **Desenvolver campañas que contribúan a visibilizar** a diversidade afectivo-sexual e de xénero e que sensibilicen á veciñanza contra a discriminación por motivos de orientación sexual, identidade e expresión de xénero.
2. **Usar os Principios de Yogyakarta** como guía e referencia para as políticas do ámbito municipal dirixidas a protexer os dereitos das persoas LGTBI e loitar contra LGTBifobia.
3. Aprobación e desenvolvemento dun protocolo de actuación integral de loita contra a LGTBifobia, o acoso e as agresións por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.
4. Poñer a disposición da policía municipal ferramentas para previr e detectar delitos de odio por razón de orientación sexual, identidade e expresión sexual.
5. **Formar ao persoal da administración local**, en especial a quen traballa en contacto coa cidadanía, sobre a realidade e a diversidade das persoas LGTBI.
6. Incluír nas políticas de igualdade de xénero e contra a violencia machista unha perspectiva da diversidade sexual e de identidade de xénero, que visibilice e aborde a realidade do colectivo LGTBI e as súas problemáticas específicas.

MEDIO RURAL

De cara a conservar un medio rural habitado e socialmente activo, desde **Pontareas en común** formulamos as seguintes iniciativas:

1. **Crear un Consello Sectorial do Rural.** Traballarase cos diferentes colectivos para a construción conxunta concello-parroquia das diferentes actuacións no rural.
2. Desenvolver un plan de ordenación agro-forestal a nivel municipal. O Concello, como promotor organizativo e económico, xunto coas comunidades de montes en man común e persoas propietarias que así o estimen, acadarán un aproveitamento sostible do territorio agrícola e forestal do municipio. Os diferentes sectores a coordinar serán os seguintes: madeireiro, forraxeiro, gandeiro, alimentario, social, turístico, ecolóxico e enerxético.
3. **Impulsar as escolas rurais e unitarias a través dun plan especial**, onde o Concello informe e promova a matriculación nuns centros que supoñen un valor e enriquecemento no desenvolvemento social e cultural, e que permiten unha maior participación da veciñanza no ámbito educativo.
4. Realizar un plan económico valorando as necesidades e potencialidades agrícolas, gandeiras, turísticas e de aproveitamento dos montes das parroquias da nosa vila.
5. Potenciar a diversificación no aproveitamento forestal (gandería extensiva, apicultura, micoloxía...) mediante asesoramento e subvencións.
6. Promover a **creación dun banco de terras municipal**, con adhesión voluntaria, no que se distribúan co gallo de ser produtivas e reverter o abandono do medio rural e o problema demográfico.
7. Fomentar a agricultura local incentivando a produción sostible. Para elo proporcionarase asesoramento e axuda material desde o concello.
8. **Impulsar a creación de cooperativas** agrarias, gandeiras e de aproveitamentos forestais, mediante asesoramento e subvencións.
9. Pular pola creación de empresas públicas de procesado da madeira e produtos agrícolas e gandeiros locais con elevado valor engadido.
10. **Dotar as casas culturais dos medios necesarios para desenrolar actividades** culturais, lúdicas e organizativas. Garantir en todas as parroquias acceso a internet, unha sala de lectura, zonas de estudo, espazos para realizar actos e para levar a cabo reunións de asociacións, cursos formativos, sistemas de calefacción, etc. Descentralizar os servizos e equipamentos que permitan eficientemente, en lugar da infradotación que sofren actualmente as parroquias comparadas co centro urbano.
11. Artellar fórmulas para **aproveitar as casas culturais como espazos de realización de actividades matinais de persoas maiores e nenos e nenas.**
12. **Garantir un transporte público de calidade** a través dunha rede de transporte baixo demanda, facendo uso do servizo de taxi nos casos que sexa preciso, que aproveite as rutas existentes e xerando rutas que conecten ás parroquias entre si e ás parroquias co centro da vila.
13. Diseñar espazos públicos no rural, en base a criterios de socialización, estancia colectiva e a escala humana. Para isto é necesaria a participación cidadá na transformación, revalorización e apropiación do espazo común como hábitat da vida colectiva.

14. Humanizar o tramo da nacional que vai de Xinzo a Arcos, como espazo vertebrador destas parroquias, para o uso cotiá por parte de toda a veciñanza.
15. Favorecer o uso de medios de transporte limpos coa posta en marcha dun carril bici que conecte as parroquias co centro da vila.
16. Dotar ás parroquias de Ponteareas **dun servizo de punto limpo móbil**.
17. Crear un sistema de reparto a domicilio para aquela parte da veciñanza que non pode trasladarse ao comedor social por residir nas parroquias.



MEDIO AMBIENTE

O medio ambiente é fundamental para a vida. É o entorno onde esta se desenvolve. Contrariamente ao que debería ser, estamos a ver como continuamente se producen novas agresións ao medio xeralmente asociadas á procura do beneficio económico.

O cambio climático, a perda da biodiversidade e a contaminación son algúns dos efectos máis visibles dunhas políticas orientadas exclusivamente a favorecer aos beneficios empresariais. É absolutamente necesario trocar o modelo económico cara outro enfocado a garantir a cobertura das necesidades das persoas respectando o medio no que habitamos. Mentres non se produce un cambio no modelo socioeconómico global, temos a obriga de tomar todas as medidas posibles e mitigar os impactos.

Dende **Ponteareas en común** traballaremos, no ámbito local, nun programa de defensa do medio ambiente sostido en cinco eixos:

1. **Plan de creación de Comunidades Enerxéticas** para a produción e distribución de enerxía de fontes renovables a partir dos recursos locais.
2. Por en práctica iniciativas para reducir a produción de residuos e mellorar a súa xestión.
3. **Xestionar de forma pública a auga** mediante a súa remunicipalización, tanto do abastecemento potable como no tratamento residual.
4. Elaborar e executar unha estratexia integral da conservación dos hábitats característicos de Ponteareas para manter a integridade ecolóxica e garantir a provisión dos beneficios derivados dos ecosistemas fomentando a biodiversidade.
5. Mellorar a dotación de persoal e recursos da Oficina de Medioambiente municipal.

Un dos elementos transversais do noso programa electoral é a participación cidadá. En cada un dos eixos anteriores poremos especial interese na colaboración coas comunidades de veciños e veciñas, de montes, das traídas de augas, das protectoras de animais e os diversos movementos sociais de Ponteareas.

Loitaremos por modificar á Lei para a Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, que limita a competencia das administracións locais nas políticas ambientais.



Enerxía

A pegada ecolóxica causada polos seres humanos medra do mesmo xeito que o consumo de enerxía. O maior gasto enerxético prodúcese na industria baixo o descontrol irracional dos mercados. A solución a este problema global pasa por transformacións no sistema de produción. Así mesmo, fai dependente a sociedade do consumo de enerxía (petróleo, gas, carbón, etc.), como ben estamos sufrindo neste momento histórico. Dende un concello non se poden por solucións definitivas ó problema da pegada ecolóxica e á falta de soberanía enerxética, pero si que pode por en marcha as seguintes iniciativas que contribúan á optimización do uso enerxético e pulan por unha crecente autonomía e resiliencia enerxética do municipio mentres axudan a combater o cambio climático.

1. **Impulsar o desenvolvemento de Comunidades Enerxéticas Locais (CEL)** para acadar o maior grado posible de autosuficiencia enerxética do Concello de Ponteareas ó mesmo tempo que se reduce a pegada de carbono do noso territorio. As comunidades enerxéticas son entidades legais que agrupan a persoas, pequenas e medianas empresas, comunidades de veciños, de montes, de membros dun polígono industrial e/ou concellos, que se unen para satisfacer de forma colectiva e colaborativa as súas necesidades enerxéticas. Teñen como obxectivo principal aproveitar a capacidade de xeración eléctrica ou térmica, unha mellora da eficiencia enerxética ou un desenvolvemento de sistemas de mobilidade sostible.

As comunidades enerxéticas poden producir, consumir, almacenar, compartir ou vender enerxía. Poden centrarse no autoconsumo ou na xeración distribuída, e sempre conducen ao aforro económico de moitas familias, especialmente das máis vulnerabeis. As comunidades enerxéticas son un concepto social que permite diminuír a dependencia das compañías eléctricas convencionais.

As medidas concretas que aplicaremos para desenvolver as CEL son:

- a. **Elaborar un Plan Estratéxico da Enerxía** do Concello de Ponteareas de forma participada coa cidadanía que incorpore os seguintes aspectos:
 - i. Avaluación da capacidade do territorio para xerar enerxía renovable a partir de todos os recursos dispoñibles, permitindo así fixar obxectivos cuantitativos de autosuficiencia enerxética.
 - ii. Definición dos obxectivos sociais e ambientais prioritarios que se pretenden acadar cos recursos económicos xerados polas comunidades enerxéticas.
- b. **Impulsar a posta en marcha de Comunidades Enerxéticas** explotando todas as posibilidades que nos brinda o territorio. Prestarase particular atención a:
 - i. Agrupacións de Comunidades de veciños e veciñas de vivenda colectiva (bloques de pisos) na zona urbana organizados por proximidade.
 - ii. Agrupacións de vivendas unifamiliares nas zonas rurais. Aspirase a establecer CEL en todas as parroquias do Concello de Ponteareas.
 - iii. Polígono industrial de Areas.
 - iv. Comunidades de montes.
 - v. Calquera outra agrupación de veciñas e veciños con implementación territorial que cumpra cos requisitos do Plan Estratéxico da Enerxía.

- c. Compromiso institucional do Concello con todas as CEL mediante a súa participación como membro activo das mesmas.
- d. Creación dunha oficina de xestión das CEL, dotada con persoal técnico propio, que será a responsable de:
 - i. Seguimento do Plan Estratéxico da Enerxía do Concello.
 - ii. Identificación de potenciais CEL.
 - iii. Apoio técnico na constitución de CEL.
 - iv. Apoio técnico na elaboración de solicitudes de financiación dos CEL.
 - v. Apoio na gobernanza dos CEL
 - vi. Impulsar programas de sensibilización e concienciación sobre eficiencia e redución de consumo enerxético.
2. Trazar un plan de concienciación e formación cidadá dirixido ao aforro enerxético. Con isto, toda a veciñanza terá a oportunidade de tomar conciencia e descubrir que pequenos cambios nos nosos hábitos permiten aforrar enerxía, e cartos, sen perda de calidade de vida. Levarase a cabo un maior esforzo nos centros escolares para concienciar aos cativos e cativas da localidade.
3. Revisar e actualizar a **normativa municipal sobre eficiencia enerxética**.
4. Co fin de optimizar o consumo enerxético nos edificios públicos, continuarase coa estratexia da EDUSI. Esixirase financiación para a rehabilitación dos edificios públicos co fin de reducir o gasto enerxético e acadar a clasificación de clase A acadando os mellores certificados de aforro enerxético. Estas reformas permitirían ademais cumprir coa directiva 2010/31/UE.
5. Realizar un novo programa para rehabilitación e climatización sostible de vivendas, dando prioridade ás rendas mais baixas por unidade familiar e aquelas vivendas que sexan primeira residencia.
6. **Climatización sostible dos edificios públicos.**
7. Introducir sistemas de control de intensidade na rede de iluminación pública das zonas rurais reducindo o consumo e a contaminación luminosa mediante sensores de movemento (non para encender ou apagar as luminarias, se non para modificar a súa intensidade).
8. **Creación de máis redes de calor, de explotación municipal**, co obxectivo de xerar enerxía a partir dos residuos de orixe forestal e agrícola producidos nas tarefas cotiás para os edificios residenciais do centro urbano.

PROGRAMA!

Xestión de residuos

No modelo de xestión implantado por SOGAMA, prima a incineración, solución tomada puramente dende o punto de vista empresarial. A incineración aforra man de obra na cadea de reciclaxe e fomenta graves consecuencias medioambientais.

Dende **Ponteareas en común** propomos un modelo de residuos descentralizado que recolle as tres liñas básicas de actuación para un modelo social e sostible: **redución, reutilización e reciclaxe**. A tendencia ten que ser o “residuo cero”, eliminando á incineración que xera unha grande cantidade de sustancias altamente prexudiciais para a saúde humana. Ademais dun modelo sostible apostamos pola xestión pública dos residuos e un cambio de paradigma que permita concibilos como materiais recuperables e para iso facemos as seguintes propostas:

1. **Remunicipalizar o servizo de recollida de lixo** para ter un mellor servizo e máis barato.
2. Promover dende o Concello un **estudo para reducir ao máximo a cantidade de residuos** que finalmente son incinerados.
3. **Valorar a creación dunha planta de compostaxe** de carácter municipal ou comarcal.
4. Recollida selectiva de restos de poda públicos e privados e preparación da madeira para o seu uso preferentemente no municipio (tronco para chemineas, acha fina como material de cubrición en zonas verdes...). Estaría integrado nas tarefas da nosa proposta sobre a creación dunha Rede Loxística Municipal.
5. Recollida selectiva de restos vexetais en zonas verdes públicas e privadas para a súa compostaxe, así como de mercados e mercadillos.
6. Adecuar os impostos sobre a recollida de lixo ás persoas censadas na vivenda, así como bonificar fiscalmente a aquelas unidades familiares que estean inscritas no sistema de compostaxe municipal.
7. Publicar horarios ben definidos para tirar o lixo.
8. En canto á contaminación electromagnética, guiáremonos polo principio de precaución, polo que pularemos por compartir as infraestruturas de emisión, repetición e recepción. Apoio á Resolución de Benevento 2006.



Auga

1. **Abastecemento:** a auga é un ben básico que non debería ser en ningún caso obxecto de lucro, polo que en Ponteareas en común consideramos que a súa xestión, en todos os aspectos, non ten cabida fóra do ámbito público.

Desde **Ponteareas en común** consideramos que se ben deben implantarse medidas que graven o consumo excesivo, ten que garantirse a súa subministración á poboación, independentemente da capacidade económica e de onde estea a vivenda. A auga non pode estar suxeita aos intereses do mercado, polo que manifestamos o noso total rexeitamento a calquera forma de privatización da súa xestión, e aínda máis, do recurso en si mesmo. Por isto, presentamos as seguintes medidas:

- a. **Remunicipalizar o servizo de abastecemento de auga.**
 - b. Establecer un consumo mínimo por persoa axustado ao necesario. A partir dese valor aplicar unha forte progresividade da tarifa de xeito que se incentive o aforro de auga, e pague máis, en termos absolutos e relativos, quen máis consume, atendendo sempre ao número de habitantes por vivenda.
 - c. Soporte técnico ás comunidades de traídas de auga.
2. **Augas residuais:** A depuración das augas residuais é unha necesidade ineludible e inaprazable. O plan actual pretende recoller nunha soa depuradora as augas pretratadas das EDAR das áreas industriais do Val do Tea, da Lomba e de Puzo e as da totalidade das áreas rurais de todas as parroquias, sen ter en conta outras solucións menos custosas economicamente e máis respectuosas ambientalmente. Boa parte da poboación de Ponteareas atópase en núcleos dispersos, feito que dificulta a implantación do saneamento na totalidade das parroquias. Pero non podemos resignarnos a non esixir o dereito fundamental ao saneamento das nosas augas. Actualmente existen medios de depuración non convencional adecuados a núcleos de menos de 2000 habitantes que requiren baixos custos de instalación e mantemento, e que permiten a devolución ao medio das augas residuais tratadas nunhas condicións óptimas. En lugar de derivar todas as augas residuais das áreas industriais e das parroquias que actualmente non contan con rede de saneamento, **debe facerse un estudo que estableza o método de depuración natural máis adecuado.**

Derivado disto, desde **Ponteareas en común** formulamos as seguintes medidas:

- a. **Implantar métodos de depuración natural** nos núcleos rurais, de cara ao tratamento da totalidade das augas residuais.
- b. Facer un seguimento continuo da eficiencia da depuración.
- c. **Completar a separación de augas residuais e pluviais.**
- d. Eliminar a canalización de regatos que verten na depuradora de Ponteareas, que aumentan a sobrecarga da mesma.
- e. Reutilizar as augas depuradas para o regadío agrícola e dos xardíns.
- f. **Crear un plan específico de depuración para a industria actual.** Realización dunha auditoría previa das traídas canalizacións, etc. Planificar de maneira exhaustiva o polígono da Lomba, tendo en conta a minimización do impacto ambiental a través dunha infraestrutura de depuración óptima.

Biodiversidade

O medio natural onde vivimos sofre unha presión pola actividade humana que vai en aumento. Os ecosistemas están sometidos ás verteduras, á fragmentación do hábitat asociado ás infraestruturas e ás actividades de ocio e turismo sen regulamentación. Para tratar de coidar o espazo onde habitamos, propoñemos tres eixos de actuación prioritarios.

- **Zona Rural:** Apostamos pola valorización do monte de Ponteareas mediante a planificación estratéxica do seu uso e aproveitamento, que potencie os servizos ecosistémicos do mesmo así como un aproveitamento máis comunitario. Temos un valor ambiental e socioeconómico por explotar no noso monte e para iso propomos:
 - a) Traballar coas comunidades de montes e diferentes axentes sociais para elaborar un **Plan Estratéxico do Monte de Ponteareas**.
 - b) Reforestar con **especies autóctonas** mediante un programa específico de axuda e investimento municipal ás diferentes iniciativas de reforestación.
 - c) Supeditar as subvencións municipais á discriminación nas especies explotadas e ós modelos de xestión do monte.
 - d) Instaurar unha **Coordinadora de Comunidades de Montes** que poña en contacto e potencie sinerxias entre as diferentes Comunidades de Montes do municipio. O concello participará da mesma e porá a disposición unha oficina de asesoramento técnico, xurídico e administrativo.
 - e) **Creación do Parque Forestal da Picaraña-Troña**, que convirta a montaña nun lugar de ocio e esparcemento responsable co medioambiente e alonxado dos modelos de parques forestais “intervencionistas” centrados na construción de infraestruturas artificiais, se non da adecuación, regulación e adaptación do monte para o disfrute e o dereito cidadán ó medio ambiente. O Parque Forestal será tamén un espazo onde haberá actividades formativas sobre os servizos ecosistémicos do sistema forestal.



- **Zona urbana:** pulamos pola naturalización do contorno urbano. A consolidación urbana de Ponteareas limita enormemente a capacidade que o medio natural ten para proporcionar beneficios gratuítos á sociedade (calidade do aire, regulación do ciclo da auga, confort térmico, capacidade de captura de carbono, etc.). Polo tanto, é prioritario recuperar todo estes beneficios fomentando un aumento da biodiversidade no propio núcleo urbano. Un aumento de biodiversidade que non se debe basear exclusivamente no uso de especies ornamentais senón que ten que marcarse como obxectivo a creación de espazos naturais dentro dos espazos urbanos que actualmente son de baixo valor ecolóxico e así axudar a fomentar un novo entorno, máis natural, no centro de Ponteareas. A cidade é un lugar onde pode darse a biodiversidade se se ten unha intención de transformar en ecosistema o que ata o de agora é cemento, asfalto e terra. A interconexión entre os ecosistemas da contorna de Ponteareas coa propia vila mediante corredores verdes permitirá un aumento na biodiversidade e que ocasionará unha mellora no subministro de beneficios por parte do sistema natural e ó mesmo tempo unha mellora da calidade do espazo público. Apostamos por unha transición desde a actual concepción de parques e xardíns cara ó concepto de rede de espazos naturais urbanos. En resumo, as actuacións a levar a cabo serán:
 - a) Realización dun **plan de naturalización da contorna urbana** atendendo ós solares sen construír, os interiores de mazás, as rúas abertas ó tráfico e as rúas peonís. As especies vexetais introducidas deberán ser propias dos hábitats autóctonos e recrear espazos naturais á escala urbana.
 - b) **Naturalización da trama urbana:** solucións naturais nas zonas urbanas que axuden a mitigar os efectos do cambio climático
 - c) **Plantación de novos árbores nas rúas de Ponteareas** que supoñan unha continuidade coa contorna periurbana.
 - i. Creación de áreas verdes de sombra no centro urbano.
 - ii. Fomentar a implantación de corredores verdes para o enriquecemento dos ecosistemas urbanos, que conecten unha rede de áreas naturais máis ambiciosa co actual.
 - iii. Fomentar a construción de cubertas axardinadas para aproveitalas como mesas agrícolas, espazos de estancia, soporte para a produción de enerxía renovable e aporte de maior illamento térmico.
 - d) **Infraestruturas verdes singulares** que aborden problemas ambientais en áreas urbanas específicas como:
 - i. Deseño e implementación de infraestruturas verdes verticais como as fachadas verdes nas numerosas medianeras da vila.
 - ii. Instalación de barreiras verdes contra o ruído.
 - iii. Deseño e instalación de varios tipos de módulos de polinizadores.

- e) Intervencións no ciclo da **auga** que reincorporan os ecosistemas fluviais ó núcleo urbano e reduzan os efectos das choivas intensas e as inundacións.
 - i. Adecuación das infraestruturas para incentivar o uso dos espazos fluviais da contorna urbana de Ponteareas.
 - ii. Adaptación do parque de San Roque nun parque inundable para minimizar os riscos de inundación do río Tea.
 - iii. Instalación de sistemas de drenaxe urbano sostible para xestionar e tratar o auga de escorrentía superficial que afecte ós aparcadoiros renaturalizados.
 - iv. Instalación de pavimentos verdes filtrantes nos aparcadoiros disuasorios.

- **Zona fluvial:** as ribeiras do Tea e do Uma son os principais valores naturais do Concello de Ponteareas. Debemos por en valor, dar a coñecer e acondicionar as ribeiras dos nosos ríos. Rexeitamos todas as actuacións que afecten directamente aos ríos Tea e Uma e que produzan un impacto ambiental en toda a area protexida “LIC Río Tea” que a aplicación do PXOM suporía de agresión ambiental ao espazo protexido que conforma. De aí que presentemos as seguintes propostas:
 - a) **Erradicar todas as verteduras de augas residuais sen depurar** aos ríos Tea e Uma.
 - b) Desbotar actuacións, como infraestruturas viarias e plans de acondicionamento de zonas verdes, que supoñan un grave impacto ambiental para ambos ríos.
 - c) **Reconfigurar a senda do Tea.** Debido ao seu actual transcurso, supón un impacto ambiental e patrimonial importante, así como un alto custo de mantemento debido ás crecidas.
 - d) **Iniciar os trámites para a declaración do espazo protexido ENIL Tea-Uma**, estudando a posibilidade de ampliar a zona.
 - e) Esixir á Confederación Hidrográfica a limpeza dos residuos e a eliminación de especies invasoras do cauce e das ribeiras fluviais mediante un maior compromiso e impulso de campañas de voluntariado. Lo mesmo se estende a la eliminación de invasoras.
 - f) Negociar coa Confederación Hidrográfica a restauración das zonas nas que o bosque de ribeira está degradado. Así mesmo, traballar por eliminar elementos como plataformas de formigón, diques, etc., que supoñen unha agresión ó cauce natural dos ríos e un perigo para a integridade física das persoas.
 - g) **Por en valor o patrimonio artístico, histórico e cultural das ribeiras do Tea e Uma** mediante un programa de rehabilitación de espazos como os muíños, pontes, presas ou a Fábrica da Luz.

Ademais, de forma transversal a estes eixos, promoveremos as seguintes accións:

1. Fomentar un uso sostible e correcto do noso contorno, a través de campañas de información, desde a escola e as diferentes asociacións culturais e deportivas do concello.
2. Promover o estudo científico do noso territorio en diversos campos para coñecer, e facer coñecer, a riqueza dos ecosistemas existentes en Ponteareas. Isto axudará a realizar proxectos de conservación nos diferentes ámbitos.
3. Denunciar de maneira activas as malas prácticas medioambientais.

Especies exóticas


Para preservar a biodiversidade é esencial protexer ós ecosistemas das diversas especies invasoras que son un risco para o desenvolvemento das especies autóctonas.

1. **Loitar contra a proliferación da avésa velutina.** Poñer a disposición das diferentes comunidades de montes, de produtores agrogandeiros e de particulares, información e infraestrutura para combater ás “patiamarelas”. Tamén, permanecer en contacto coa comunidade científica para poder aplicar solucións alternativas ás ineficaces actuais.
2. Iniciar unha campaña conxunta coas diferentes asociacións de produtores e comunidades de montes para **frear e revertir a proliferación do eucalipto** e demais especies pirófilas. O obxectivo será ampliar a superficie de bosque autóctono nos próximos catro anos, mediante a substitución do monocultivo de eucaliptais, mimosas, etc., por especies autóctonas.

Loita contra os incendios

O monte galego, e en particular o ponteareán, leva décadas sufrindo os lumes que o devastan e provocan perdas millonarias. Hai moitas causas polas que aparecen os incendios, pero sen dúbida a xestión do monte é na que, desde a administración, máis traballo queda por facer. En Ponteareas en común formulamos as seguintes medidas para evitar as escenas que periódicamente asolan ó noso municipio:

1. **Elaborar un plan estratéxico para a prevención de incendios**, baseado na xestión integral do monte e coordinado coas mancomunidades e as restantes actividades.
2. Involucrar á veciñanza na prevención e loita contra os incendios. Crear ou potenciar unha organización a nivel de parroquia para combater os factores de risco de propagación, así como medidas para a extinción dos lumes.
3. **Introducir especies caprinas no monte**, en propiedade e corresponsabilidade comunitaria ou municipal, para a axuda no mantemento dun bosque limpo.
4. Levar a cabo a execución subsidiaria para a limpeza dos montes nos casos no que os propietarios non se fagan cargo das súas faixas secundarias de protección. Incorporar ao patrimonio do concello aquelas nas que o valor dos traballos realizados superen o custo do terreo e non teñan dono recoñecido, tal e como marca a lei. Poremos os recursos necesarios para levar a cabo todos os trámites. Así, evitaremos que polo baleiro na propiedade dunhas cantas parcelas perigue a supervivencia das restantes. Utilizaremos o terreo para actividades de explotación gandeira, forestal ou agrícola comunitaria.
5. Apoiar ás comunidades de montes coa Rede Loxística Municipal proposta por **Ponteareas en común**.



URBANISMO

Opoñémonos ao concepto de urbanismo ao servizo dos intereses especulativos privados que nos levaron á crise do 2008. **Defendemos o urbanismo como instrumento para o ben común**, así como unha ordenación integral do territorio na que se contemplan as potencialidades e necesidades a gran escala de forma complementaria. Por iso somos a única forza política que se opuso no seu momento o actual PXOM.

Apostamos decididamente por unha xestión ecolóxica do hábitat humano, sendo a sustentabilidade un principio reitor do noso proceder coherente ante a crise ecolóxica actual e preservando a natureza como un ben de todas.

A planificación urbana que defendemos desde **Ponteareas en común** corresponde a unha sociedade de empregos estruturais de longa duración ligados a un modelo de produción e consumo ecoloxicamente sostibles, que garanta as necesidades básicas de todos os seres humanos, sabendo que estas son a saúde (estado de completo benestar físico, mental e social) e a autonomía (a non dependencia das demais persoas), co obxectivo universal de participar satisfactoriamente na vida social, sen perigo para a integridade persoal.

Para acadar unha **Ponteareas pensada para vivir, e non especular**, propoñemos:

1. **Transformación verde do núcleo urbano** en concordancia co proxecto de naturalización urbana e que continue a humanización do centro da vila cunha orientación máis ecolóxica e participativa.
 - a. **Continuar o proceso de transformación do centro urbano** para o uso cotiá das persoas. Non deseñar en función das demandas do tráfico rodado privado se non para o disfrute do espazo público. Acadar que as rúas volvan a ser o espazo de encontro, actividade, xogo e aprendizaxe.
 - b. **Realizar un plan para a recuperación do centro histórico**, rescatando vivendas e usos terciarios a través do plan REXURBE como proxecto máis eficaz para os obxectivos de cohesión e vivenda social.
 - c. **Rehabilitar o espazo público existente** aportándolle o máximo confort, diversificando e facilitando usos cos que acadar ambientes óptimos para a vida comunitaria cotiá, fomentando así as relacións sociais e a calidade de vida da veciñanza.
 - d. **Opoñémonos á construción da circunvalación proxectada** e solicitada polo resto de partidos políticos por ser unha actuación cara, ineficiente para acadar os obxectivos de tráfico, por ser unha actuación moi agresiva para o ecosistema fluvial do Uma e por desperdiciar unha oportunidade de transformación do núcleo urbano. A alternativa pode desenvolverse co actual PXOM. Consistiría en unir a PO-403 coa N-120, enlazándoa desde o colexio Bouza Brey coa nova vía que pasará pola rotonda das Pombas, cruzará a estrada de Guillade detrás do IES Pedra de Auga e se conectará á N-120 xunto a actual gasoleira. Desta forma, obterase unha rúa circunvaladora máis próxima ao núcleo, mentres se preserva o espazo natural, de alto valor biolóxico e paisaxístico, e se reducen os tempos de traslado. Tamén, minorarase o tráfico na estrada principal de Angoares a través do desdoblamento da PO-403 ao seu paso, o que permitirá deseñar este tramo para o uso cívico. Ao realizar esta actuación, lograremos unha circunvalación completa en torno ao

- casco urbano, que permitirá limitar o tráfico do centro e devolver o espazo urbano ao uso comunitario.
- e. **Fomentar a implantación de corredores verdes** para o enriquecemento dos ecosistemas urbanos, que conecten unha rede de espazos naturais urbanos máis ambiciosa co actual.
 - f. Adecuar a velocidade do tránsito rodado á combinación de usos públicos no interior do perímetro da “circunvalación”. Limitar o uso do transporte privado motorizado a residentes, carga/descarga (non so profesional), persoas con mobilidade reducida, etc.
2. Evitar a segregación social e física redistribuíndo os equipamentos, os servizos, as vivendas sociais, o comercio, a industria e os espazos verdes, con programas de accesibilidade universal.
 3. Diseñar espazos públicos, tanto no medio urbano como no rural, baseados en criterios de socialización, da estancia colectiva e da escala humana. Para isto é necesaria a participación cidadá na transformación, revalorización e apropiación do espazo público como hábitat da vida comunal.
 4. **Fomentar usos efémeros no espazo público** (mobiliario, herbolarios, xogos, instalacións artísticas, etc.) impulsados pola participación cidadá.
 5. Fomentar mediante subvencións e exoneracións fiscais a rehabilitación para acondicionar a edificación aos estándares actuais e mellorar a súa eficiencia enerxética, así como para recuperar vivendas en estado de abandono ou ruinoso. Deste xeito mantense o patrimonio e respéctase o medio ambiente, ao aproveitar material e non ocupar novos terreos. Os criterios e obxectivos da rehabilitación serían: diminuír as emisións de dióxido de carbono e outros gases con efecto invernadoiro, implantar sistemas de reutilización de auga doméstica, reducir a factura enerxética dos fogares e empresas, crear postos de traballo absorbendo parte do desemprego do sector, reducir a dependencia enerxética, mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas e da saúde dos centros de traballo. Dita rehabilitación debe dirixirse a todo tipo de edificios, tanto de vivendas como de tipo industrial, de servizos e equipamentos.
 6. Levar a cabo un extenso programa de plantación de árbores na maioría de rúas do casco urbano así como nos lugares de convivencia nas parroquias. E fomentar a implantación de corredores verdes que conecten unha rede de parques e xardíns máis ambiciosa co actual.
 7. **Fomentar a edificación bioclimática**, é dicir, o deseño de edificios tendo en conta as condicións climáticas (sol, vento, chuvia, vexetación) para reducir o impacto ambiental e diminuír o consumo enerxético.
 8. **Recuperar os recursos hídricos e as fontes históricas.**
 9. Fomentar a construción de cubertas axardinadas para aproveitelas como mesas agrícolas, espazos de estancia, soporte para a produción de enerxía renovable e aporte de maior illamento térmico.
 10. Favorecer a participación cidadá. Integrar ás demais concellerías na toma de decisións urbanísticas que afecten ao seu campo de actuación.
 11. Acondicionar os equipamentos públicos que presentan un estado deficiente, como os colexios públicos e as instalacións deportivas municipais, e introducir sistemas de eficiencia enerxética.
 12. **Transformar o concello para o uso cotiá das persoas**, revitalizando socialmente os barrios e parroquias, dotándoos dos servizos e dos espazos públicos necesarios.
 13. Dotar ao municipio dos espazos imprescindibles para o desenrolo da actividade de colectivos sociais, facilitando a súa dispoñibilidade para fomentar a organización popular.
 14. **Velar polo cumprimento das normas de accesibilidade universal** nas novas actuacións e nos edificios e espazo público existente.

MOBILIDADE

O transporte é un gran consumidor de recursos enerxéticos. Emite o 25% dos gases de efecto invernadoiro causantes do cambio climático, sendo a estrada a emisora do 75 % das emisións do transporte de persoas e mercadorías. É necesario polo tanto adoptar medidas contundentes que reduzan o seu impacto no medio ambiente.

Así mesmo, o deseño da mobilidade orientada en beneficio do vehículo privado supón unha fenda social por razón de ingreso xa que impide o acceso a moitos servizos ás familias de menor renda.

Unha boa política en materia de mobilidade, polo tanto, ten que ter en conta, en primeiro lugar, a redución das necesidades de desprazamento, e en segundo, a diminución do consumo enerxético. En relación ao anterior, desde Ponteareas en común enunciámos:

1. **Elaborar de maneira urxente un Plan de Mobilidade Sostible** a escala de todas as necesidades do Concello e non so do centro urbano, que contemple a seguinte orde de prioridades:
 - a. Acondicionamiento das infraestruturas para facilitar os traslados peonís.
 - b. Transformar os carrís bici proxectados no PXOM destinados ao lecer, en verdadeiros eixos para a mobilidade diaria sostible, conectando os núcleos de poboación cos equipamentos públicos e centros de traballo (centro de saúde, piscina municipal, zonas industriais...).
 - c. Colocación de aparcadoiros de bicicletas e estudar a viabilidade dun sistema de alugueiro de bicis eléctricas.
 - d. Transporte público urbano que dea servizo ás parroquias. Aproveitar un servizo público infrutilizado como son os taxis nunha rede de servizo comunitario híbrido con rutas fixas e baixo demanda. Este servizo deseñárase conxuntamente co sector do taxi e as asociacións das parroquias.
 - e. Inclusión do Concello de Ponteareas no Transporte Metropolitano de Vigo.
 - f. Estudo da mellor forma de conexión ferroviaria de Ponteareas, estudando a posibilidade da implementación inmediata de lanzadeiras á estación de AVE de Ourense.
 - g. Acondicionar decentemente os aparcadoiros disuasorios en torno ao perímetro do núcleo urbano, conectado coas liñas de transporte público.
 - h. Establecer bonos para o transporte público en función do nivel adquisitivo, sendo gratuíto para desempregadas/os e persoas en risco de exclusión social, garantindo así a accesibilidade universal.



2. **Instalar puntos de recarga de automóviles eléctricos e híbridos** por parte do concello. Esixir nas renovacións das concesións das gasolinerías a introdución dun punto de recarga eléctrica.
3. **Planificar unha rede de transporte público que conecte** os núcleos rurais e a vila cos lugares de traballo, administración, servizos e lecer da área metropolitana de Vigo. Realizar un estudo específico das necesidades de mobilidade das estudantes residentes en Ponteareas e que os seus centros educativos estean fora do municipio, como pode ser a Universidade ou centros de FP.
4. Crear unha **Rede Loxística Municipal**. Para iso, organizar e favorecer a distribución directa e o consumo de produtos de proximidade (agricultura ecolóxica) poñendo a disposición medios públicos e articulándose mediante as propias organizacións de consumidores e produtores. Proveremos de capacidade loxística para reducir o número de desprazamentos derivados de actividades económicas de pequenos produtores e cooperativas. Ademais, a rede levará a cabo tarefas de transporte de residuos agroforestais para alimentar a Rede de Calor.

ANIMAIS

Entendemos que unha sociedade xusta debe evitar o sufrimento dos animais, sexan da especie que sexan. Facemos polo tanto, as seguintes propostas de protección animal:

1. **Iniciar un programa de esterilización de animais de compañía** para evitar a superpoboación e o risco de abandono, así como estender a actuación aos xa abandonados. Esta medida levarase a cabo mediante subvencións e convenios con clínicas veterinarias.
2. Activación do programa de esterilización particular **centrada en gatos e coidados das colonias gatunas**.
3. Impoñer a xestión e a titularidade pública dos Centros de Recollida de animais.
4. **Afondar nas relacións entre o concello e as entidades protectoras de animais**, dotando de recursos, escoitando as súas suxerencias e demandas e pondo en valor o seu traballo voluntario.
5. Impulsar a atención veterinaria, vacinación e esterilización dos animais da rúa, así como a creación de albergues municipais (tanto mascotas como animais de carga).
6. Desenvolver **campañas de concienciación** a favor da adopción de animais.
7. Formación interna para o persoal municipal sobre como actuar cos animais de rúa.
8. Realización dende o concello dun programa de concienciación e visibilidade para romper estigmas e crear sensibilidade coas diferentes razas dos animais de compañía.
9. Crear un censo de animais en Ponteareas (en rúa).
10. Creación dun Parque canino específico no centro urbano
11. Fomentar o uso dos espazos naturais coas mascotas.
12. Inclusión dos animais de compañía nas necesidades a abordar dende os Servizos Sociais con respecto a familias en risco de exclusión social e pobreza severa.

CULTURA

Para **Ponteareas en común**, a cultura debe ser un eixo vertebrador das políticas municipais:

- Como espazo de socialización e de prestixio do colectivo, educando á cidadanía nun ocio crítico e creativo fronte ao patrón consumista e individualista.
- Como elemento de busca e reafirmación das raíces de identidade de Ponteareas en momentos de aculturación global.
- Como garantía da protección, divulgación e gozo colectivo do noso patrimonio histórico, artístico e intanxible.

As prioridades en política cultural serán as seguintes:

1. Garantir o acceso da poboación a programas culturais integradores e de calidade, dende a institución pública e coa complicidade do tecido sociocultural do noso municipio.
2. **Avaliación das necesidades culturais do Concello de Ponteareas mediante un proceso de participación cidadá.** Os espazos públicos deberían poder ofrecer axenda cultural case todos os días. Son propostas baratas.
3. Dende unha política formativa de base, favorecer a creación e consolidación de axentes culturais na localidade, facilitando o seu acceso a instalacións e recursos municipais. Asemade, fomentar o asociacionismo cultural. Favorecer os movementos culturais de rúa e autoxestionados sen necesidade de control por parte da administración local co obxectivo de contar cun arte libre e crítico.
4. Dinamizar o uso do Auditorio Municipal mediante a creación dun programa de actividades artísticas (Cine, teatro, concertos, etc.) semellante a proxectos da contorna como pode ser o Teatro Joao Verde de Monção. **Programar cine de actualidade a prezos populares.** Impulso de ciclos de cine de diferentes épocas e orixes.
5. **Creación dun programa de actividades abertas e de promoción municipal a realizar nas noitiñas do fin de semana de diversos temas** (obradoiros, rutas, concertos, charlas, etc.) a semexanza do proxecto Noites Abertas de Pontevedra.
6. Impulsar axendas culturais plurais e inclusivas como elemento de articulación territorial e cohesión social, con valores en feminismo, en diversidade funcional e de carácter interxeracional.
7. Activación dun **programa de impulso das artes plásticas** para albergar no conxunto do concello actuacións de artistas plásticos, arquitectos, performers, video artistas e outros operadores artísticos, desde a esencia da participación social, habilitando espazos para que artistas que así o desexen se expresen na nosa vila e axudar a humanizar os diferentes espazos de socialización (rúas, prazas, eirados, etc.) do municipio. Buscarase a interlocución coa Escola de Belas Artes e con diferentes escolas de arte da provincia.
8. Engadir a figura **da Animación Sociocultural** na RTP do concello.
9. Mellorar a comunicación e difusión das actividades da axenda cultural do municipio. Creación dunha páxina web moderna e actualizada e realización dun programa físico para poder achegarse a todo tipo de público.

10. Crear e optimizar equipamentos culturais das escolas públicas, ademais de ampliar o tempo de acceso aos mesmos, fóra do horario non lectivo.
11. **Optimizar os equipamentos culturais da Biblioteca Municipal** cun único arquivo e ampliar os fondos bibliográficos sobre temática feminista, memoria histórica, etc.
12. Socializar as novas tecnoloxías da información e a comunicación entre a cidadanía, tanto na súa relación coas institucións coma na súa dimensión cultural, educativa e social, fomentando o emprego do software libre. Habilitación de zonas comúns de acceso wifi gratuíto e con mantemento continuado.
13. Compromiso de uso do software libre e actualizado tamén na Casa do Concello, no marco dunha concepción da rede como espazo de enriquecemento mutuo e intercambio de coñecementos sen trabas mercantís.
14. Desenvolver programas con criterios feministas destinados a potenciar actividades artísticas, culturais e científicas das mulleres.
15. **Colaborar e apoiar** en todas aquelas iniciativas culturais que se acometan dende a Comunidade Educativa.
16. Creación dun espazo público e gratuíto onde se poidan reunir os colectivos sociais e culturais da vila.



EDUCACIÓN

Para **Pontareas en común** a educación constitúe o motor de toda sociedade, e, como tal, só se pode entender como a formación continua ó longo de toda a vida; dende a educación infantil, pasando polas formacións profesionais e universitarias, ata as posteriores formacións para adultos. Sendo un dereito universal, ha de ser gratuíta, de calidade e para todas e todos en condicións de igualdade, laicidade, pluralismo, inclusión e democracia.

Toda a comunidade é axente da dimensión educadora. Por elo, a través da participación, implicación e coñecemento, daremos forma ao noso proxecto de concello educador:

1. **Impulsar as escolas rurais e unitarias** a través dun plan especial, onde o concello informe e promova a matriculación. Supoñen un valor e enriquecemento no desenvolvemento social e cultural, e permiten unha maior participación da veciñanza no ámbito educativo.
2. **Ampliar as prazas da Escola Pública Infantil**, insuficientes ante a demanda existente. Iniciar a construción da nova instalación e pular pola creación dunha rede de escolas infantís en base a un criterio de equilibrio na súa distribución. O rural non pode verse desatendido a este respecto.
3. **Remunicipalización do Plan Madruga.**
4. Acondicionar os comedores nos centros educativos e abrilos todo o ano, dotando a todos dos mesmos recursos e garantido o transporte. O mantemento do servizo de comedor para as nenas e os nenos con escaso recursos económicos ou en risco de exclusión social trátase dunha prioridade no contexto de emerxencia social actual.
5. Creación dunha **cociña municipal** central para subministrar aos comedores.
6. Creación dun sistema de **becas para a educación artística.**
7. Modificar a ordenanza de axudas á educación co fin de que sexa realmente efectiva. (de xeito que quen teña dificultades para mercar os materiais non teña que facer o gasto antes).
8. Realizar **campañas de educación** con respecto ao problema da pornografía.
9. Crear un plan de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe e necesidades específicas.
10. Reforzar os plans de formación das persoas desempregadas en relación á demanda da comarca. Incluir o reforzo dos cursos de formación de monitor de ocio e tempo libre. Ofertar de forma periódica.
11. Coordinar actividades extraescolares e realizar de talleres e programas de educación afectivo-sexual, ambiental, etc. Máis alá do horario lectivo, os centros educativos deben ser un espazo de continuo dinamismo, ofrecendo actividades que contribúan a un mellor desenvolvemento persoal, buscando fomentar hábitos de ocio saudables e didácticos.
12. Dinamizar e fiscalizar o **funcionamento do Consello Escolar Municipal**, para garantir a participación e implicación de toda a comunidade.
13. Impulsar, a través do Consello Escolar Municipal, a posta en marcha do modelo pedagóxico, avalado cientificamente, de Comunidade de Aprendizaxe, onde poidan participar todos os centros de ensinanza públicos de Pontareas.
14. Dinamizar actividades e proxectos educativos en colaboración cos institutos e escolas públicas da vila que executen a proposta educativa Aprendizaxe e Servizo. Ademais de aprender as persoas poden actuar sobre as necesidades reais da contorna.

15. Velar para que as Comisións de Escolarización funcionen con claridade de criterios evitando a segregación ou a masificación nas aulas.
16. Implementación dun **sistema de lanzadeiras ao CUVI e aos centros de Formación Profesional** do Meixoeiro. Promover axudas de transporte para o desprazamento aos centros de estudos superiores, de formación profesional e de bacharelato.
17. Crear espazos onde exista equipamento informático actualizado e conexión a internet gratuíta para a veciñanza proporcionando axuda aquelas persoas que non se manexen na utilización destes medios.
18. Habilitar espazos públicos para as reunións de colectivos estudiantís, ANPAS e FANPO.

DEPORTE

O deporte é un fenómeno social con numerosos beneficios persoais e colectivos. A promoción do deporte de elite non debe ser función do concello, pero si potenciar a actividade deportiva e o ocio saudable da poboación. A súa consideración como un dereito converteu en necesidade actividades como a natación e provocou que o ámbito asociativo con maior número de participantes sexa o deportivo. Como consecuencia, as instalacións asociadas pasaron a converterse nunha necesidade básica. Ponteareas en común quere realizar unha forte aposta polo deporte municipal:

1. Pedir unha **auditoría do convenio entre o Concello e a empresa xestora da piscina municipal** e do pavillón de deportes, coa intención de avanzar na remunicipalización destes servizos para unha xestión de calidade, asumible para toda a poboación e que promova a actividade deportiva para toda a veciñanza.
2. Imposición de **cotas específicas** para persoas con problemas socioeconómicos nos servizos deportivos municipais e naquelas asociacións deportivas con subvencións municipais.
3. Crear a figura de **técnico/a de deportes** dentro da RPT.
4. Optimizar o uso dos pavillóns deportivos situados nos recintos escolares dedicándoos a fins educativos durante a xornada lectiva e a fins de ocio e uso deportivo fóra da mesma.
5. Programar escolas deportivas do maior número de especialidades dirixidas a todas as franxas de idade. É requisito fundamental que as escolas sexan para os dous sexos, sendo mixtas cando as condicións o permitan.
6. **Reacondicionamento das instalacións deportivas** actuais, na súa maioría obsoletas.
7. Creación ou reacondicionamento dun espazo deportivo multifuncional que posibilite a práctica de deportes como o atletismo.
8. Impulso da práctica de **deporte no rural** con actividades gratuítas ou a prezos asequibles nos centros culturais do rural.
9. Formular competicións deportivas no ámbito infantil e escolar antepondo o educativo cooperativo ao meramente competitivo.
10. Favorecer a non discriminación e fomentar o acceso ás actividades deportivas de todos e todas independentemente das calidades físicas.
11. Ofertar ás persoas adultas actividades deportivas como alternativa de ocio, deseñando as da e dos maiores en coordinación cos servizos de saúde.

12. **Garantir o acceso a un acondicionamento ou reacondicionamento físico a persoas con problemas de mobilidade** (recuperación de lesións, de operacións, etc.).
13. Fomentar actividades específicas para as persoas con diversidade funcional e outras que permitan a súa integración co resto da poboación.
14. Desenvolver experiencias de co-xestión con entidades deportivas locais sen ánimo de lucro, co fin de fomentar a súa participación na xestión municipal. Instauración de subvencións proporcionais, e non convenios, cos diferentes clubs deportivos.

MOCIDADE

Para **Pontareas en común** é fundamental a **atención á mocidade**, sendo esta a gran impulsora dos cambios sociais e necesitando do seu empuxe para crear outro modelo de goberno.

Por iso entendemos como esencial a participación das mozas e mozos nas políticas xuvenís, fomentando o seu espírito crítico e creando alternativas conxuntas para as súas problemáticas.

Consideramos imprescindible a transversalización das necesidades e problemáticas da mocidade a toda a política municipal, facendo fincapé na vivenda e o traballo, xa que a mocidade é un dos sectores máis castigados pola precariedade. Ademais, apostamos por outro modelo de lecer onde se prime a creatividade, a participación xuvenil e a autoxestión das súas actividades. En consecuencia, dende Pontareas en común formulamos o seguinte:

1. Crear e/ou dinamizar espazos e actividades para a mocidade, mediante:
 - a. **Promoción e dinamización da OMIX** (Oficina Municipal de Información Xuvenil) e creación dunha Casa da Mocidade como espazo de encontro da xuventude para o desenvolvemento de actividades propostas pola institución e por iniciativa dos diferentes colectivos de mozas e mozos.
 - b. Creación de programas e actividades de desenvolvemento artístico, cultural e deportivo coa participación directa da mocidade, apostando por unha forma de lecer alternativa.
 - c. Rehabilitación do Albergue da Picaraña para ser un espazo onde desenvolver e fomentar actividades formativas e de ocio alternativo dirixida a poboación moza.
 - d. **Gratuidade ou descontos para a poboación moza en todos os eventos culturais** patrocinados ou organizados polo Concello.
 - e. Apoio aos grupos culturais, musicais e deportivos tanto da vila como das parroquias, onde participe a poboación moza; cedendo espazos públicos de calidade para que desenvolvan a súa actividade (locais de ensaio, espazos para celebracións de festivais, etc). Facilitarase acceso aos espazos actuais e crearanse outros mellores, que posibiliten a expresión artísticas das mozas e mozos da vila.
 - f. Organización de proxectos de voluntariado e cooperación xuvenil e apoio a aqueles movementos xuvenís que se identifiquen cos valores de igualdade, solidariedade e xustiza social.
 - g. **Garantir o acceso igualitario da mocidade das parroquias e da vila** aos servizos e equipamentos públicos como bibliotecas, internet, infraestruturas deportivas, etc. Ampliar o número de ordenadores da biblioteca e dar acceso real a internet nas casas culturais do rural.

- h. Crear dentro da biblioteca municipal espazos para estudar ou realizar traballos en grupo.
 - i. Desenvolvemento de campañas e accións formativas específicas para a mocidade orientadas ao fomento da igualdade, da prevención da violencia de xénero, da liberdade afectivo-sexual, etc.
- 2. Fomentar a participación da mocidade na vida política do Concello, a través de:
 - a. Dentro do Regulamento de Participación Cidadá, **creación do Consello Sectorial da Mocidade** que propoña e desenvolva políticas específicas para mozas e mozos.
 - b. Participación e presenza da mocidade no desenvolvemento dos orzamentos municipais, principalmente naqueles apartados que afecten a súa realidade.
 - c. Aplicar o criterio **“dende a mocidade para a mocidade”**, sendo ás propias mozas e mozos quenelaboren un programa de actividades e proxectos xunto co concello de Ponteareas.
- 3. **Implantar políticas municipais de acceso ao emprego e á vivenda** para as mozas e mozos, mediante:
 - a. Desenvolvemento de servizos municipais de asesoramento e orientación laboral en contacto e cooperación coa oficina de emprego. Ademais de campañas de información sobre dereitos laborais e sindicais nos institutos e centros de FP.
 - b. Fomento da creación entre a mocidade de actividades económicas alternativas como son as cooperativas. O Concello actuará asesorando e facilitando a iniciativa a través da cesión de infraestruturas e a nosa proposta da Rede Loxística Municipal.
- 4. **Crear unha mobilidade adaptada ás necesidades da mocidade**
 - a. Pular para que o transporte en autobús estea dentro do plan de Transporte Metropolitano de Vigo.
 - b. Desenvolver un programa de mobilidade específico para a mocidade mediante a instauración de lanzadeiras para a Universidade de Vigo e aos centros de Formación Profesional do Meixoeiro con prezos axustados as realidades estudiantís. Esta medida debe complementarse coa nosa proposta de transporte entre as parroquias e o centro urbano para atender ás necesidades das mozas e mozos residentes no rural.
 - c. Desenvolvemento dun sistema de transporte nocturno ás parroquias nos días de máis concentración de saídas de noite (sábados, festas locais, festas parroquiais) entre o núcleo urbano e as parroquias, enmarcándoo na nosa proposta de Transporte Público de Ponteareas.
 - d. Promocionar a mobilidade alternativa mediante a instauración de carrís bicis seguros. Colocación de aparcadoiros de bicicletas e estudar a viabilidade dun sistema de alugueiro de bicis eléctricas.
- 5. Creación de plans municipais específicos que faciliten a emancipación xuvenil a través do acceso a vivenda.
- 6. **Promover un programa de alugueiros sociais específico para a xente nova que permita alugueiros a partir de 150€** (dependendo dos ingresos). Realizarse a través das nosas propostas en materia de vivenda de Parque de Vivendas de Ponteareas e da Bolsa de Aluguer Municipal.

PERSOAS MAIORES

As persoas maiores, unha vez que abandonan o mercado laboral non deben ser deixadas ó abandono. Son moitas as políticas de apoio que se poden facer dende o Concello para mellorar a vida das persoas maiores, garantindo unhas condicións de vida dignas e facilitando a súa felicidade. A primeira de elas é detectar as necesidades e inquietudes e esixir solucións.

En **Ponteareas en común** propoñemos a creación de Plans Municipais Integrais de Atención a Persoas Maiores, en coordinación técnica, organizativa e financeira coas outras administracións. En concreto estes son os puntos programáticos destinados a este colectivo:

1. Democracia participativa como marco.
 - a. A través do Regulamento de Participación Cidadá, desenvolver un espazo que permita o achegamento da poboación da terceira idade á vida política do Concello.
 - b. Fomentar a participación e a presenza das persoas maiores no desenvolvemento dos orzamentos municipais, principalmente aqueles apartados que afecten á súa realidade.
2. Mellorar as **instalacións e a actividade do centro de día e da residencia de maiores**.
3. Esixir á Xunta de Galicia a mellora da dotación do centro de día para maiores.
4. Facer un estudo sobre as necesidades da Residencia de Maiores Municipal: inspección técnica de edificios, aumento de prazas, persoal cualificado, etc.
5. **Potenciar o servizo de atención a domicilio e axuda no fogar** para que sexa de xestión municipal, incluíndo a teleasistencia ás persoas maiores que vivan soas e priorizando o seu uso para aquelas que non poidan moverse ou desprazarse fóra dos seus domicilios.
6. Aproveitamento da nosa proposta de Transporte Público de Ponteareas para realizar traxectos específicos en horario de analíticas ou de consultas ao centro de saúde.
7. Crear actividades deportivas, culturais e de tempo libre onde participen as persoas maiores.
8. Impulso de encontros entre persoas maiores e persoas nenas ou mozas nos centros de día ou nas casas culturais mediante a realización de actividades interxeneracionais.
9. **Formación en TIC para afrontar os procedementos administrativos**, o uso de apps ou calquer necesidade comunicativa para ó aproveitamento de todos os servizos municipais e poder así garantir todos os dereitos.
10. A administración local debe potenciar un envellecemento activo e saudable, garantindo o dereito ao ocio, á formación, á cultura e á práctica de actividades físicas e deportivas que fan ás persoas maiores suxeitos activos da vida económica, cultural e política de Ponteareas. Para o seu fin propoñemos:
 - a. Crear unha unidade municipal de servizos culturais e deportivos para maiores.
 - b. Realizar actividades turísticas de calidade dirixidas ás persoas maiores.
 - c. Promover o asociacionismo das persoas maiores en diferentes ámbitos.
 - d. Alentar a colaboración e participación das persoas maiores en actividades comunais do Concello.
 - e. Crear un espazo onde poidan transmitir os seus coñecementos ás novas xeracións.

SERVIZOS SOCIAIS

As administracións teñen que investir os recursos necesarios para tratar as necesidades sociais. O sistema económico actual produce a desprotección de parte da cidadanía.

Desde **Ponteareas en común** consideramos que é o Concello quen debe xestionar a totalidade das políticas sociais comunitarias por ser esta a administración máis próxima á poboación. Defendemos non só o traspaso de competencias ao Concello, senón a descentralización e a cesión de recursos económicos por parte da Xunta de Galicia.

As políticas neoliberais que practicaron os diferentes gobernos do PP e do PSOE, a falta de fondos orzamentarios municipais e a dificultade de xerar dereitos dende o ámbito local pola falta de competencias e recursos, lévanos a encontrarnos na seguinte realidade:

1. Recortes nos dereitos e nas prestacións dos Servizos Sociais Comunitarios.
2. Incremento da xestión privada de servizos básicos.
3. Derivación da responsabilidade dalgunhas prestacións ás ONG e asociacións privadas.
4. Dificultade para realizar actuacións integrais que coordinen ás diferentes ramas da política social: vivenda, prestacións de emerxencia social, educación, saúde...

Desde Ponteareas en Común defendemos uns Servizos Sociais que atendan á veciñanza e que o fagan de forma urxente para aquelas persoas en situación de exclusión social e en pobreza material severa. O Concello de Ponteareas debe ter como obxectivo esencial e prioritario aumentar a calidade de vida da maioría social, trocando dende o modelo actual que xera situacións de desigualdade a un sistema social que garanta unha vida digna para todas e todos e que está articulado nas seguintes medidas:

1. Incrementar no necesario tanto o **número de persoal dos servizos sociais coma os perfís profesionais**.
2. **Incrementar e executar o orzamento municipal dos Servizos Sociais** para garantir o cumprimento das necesidades básicas de toda a cidadanía de Ponteareas.
3. Crear unha **cociña municipal**, de xestión pública, que dea servizo a:
 - a. Comedor social, de utilización mixta entre persoas usuarias dos Servizos Sociais e persoas non usuarias, que garanta completar tres comidas diarias para todos os veciños e veciñas da nosa localidade.
 - b. Sistema de reparto a domicilio de titularidade e xestión municipal para aquela parte da veciñanza que non pode trasladarse ao comedor social por diversos motivos (mobilidade reducida, residir nas parroquias...)
 - c. Comedores escolares, que tamén estarán abertos nas fins de semana e durante a tempada de vacacións.

4. Iniciar a planificación e desenvolvemento da rede pública de servizos sociais e impedir a súa privatización. Comezar o camiño para a remunicipalización das actividades actualmente en mans privadas (servizo de axuda no fogar, comedor do CEIP Bouza Brey, Ramiro Sabell...). Desde Ponteareas en común consideramos fundamental que ás necesidades básicas das persoas deixen de ser un negocio e se convertan nunha actividade pública ao servizo da cidadanía.
5. **Fortalecer as competencias do Concello en materia de Servizos Sociais** estipulando de forma concisa as competencias propias e as que deben ser compartidas con outras administracións públicas.
6. Reivindicar o orzamento suficiente para o desenvolvemento da **Lei de Dependencia**.
7. Crear un servizo de información á cidadanía sobre os procesos e os requisitos das axudas dispoñibles, especialmente das Ordenanzas Municipais, garantindo que todas as persoas que o precisen poidan acudir aos servizos públicos.
8. **Mellorar o regulamento de Axudas de Emerxencia Social:**
 - a. Cumprir o regulamento do **Consello Sectorial Social**, actualmente inactivo, de xeito que sexa útil para o cumprimento dos seus fins.
 - b. Garantir a subministración enerxética das persoas en pobreza material severa e en risco de exclusión social. **Converter a Ponteareas nun pobo libre de cortes de servizos enerxéticos de primeira necesidade.**
 - c. Cumprir o artigo 8 da Ordenanza de Emerxencia Social actual que legisla os vales de compra nominal para aquelas persoas que o precisan. Esta medida incluída na ordenanza aínda non foi posta en marcha.
 - d. Analizar no Consello Sectorial Social a eliminación dos límites económicos da actual Ordenanza de Emerxencia Social co obxectivo de garantir a prestación dun servizo de calidade que atenda todas as demandas actuais.
 - e. Definir no regulamento qué cuestións non están incluídas nos "Gastos Polivalentes".
 - f. Cambiar a regulamentación para evitar que as persoas teñan que asumir as débedas antes de recibir as axudas.
9. Mellorar a calidade na prestación dos Servizos Sociais mediante un Plan de Formación Contínua do persoal.
10. Facer un censo de persoas maiores e persoas con dependencia que presentan dificultades para desenvolver as actividades da vida diaria de forma autónoma e avaliar as súas necesidades.
11. **Garantir o bo funcionamento do Centro de Reparto de Alimentos** coa suficiente dotación material e persoal. O Concello non recorrerá a campañas privadas de recollida de alimentos.

12. Garantir que a lista de agarda para a atención nos Servizos Sociais non exceda **as 48h**.
13. Crear un **sistema de microcréditos** para financiar gastos imprevistos que non poden ser asumidos por aquelas persoas con ingresos insuficientes.
14. Elaboración de informes de xestión e do estado da situación social do Concello de cara a adaptar as actuacións á realidade coxuntural.
15. Creación dun programa integral para **eliminar o senfogarismo** que ademais da vivenda inclúa tódolos aspectos de cara á inclusión social das persoas.



SAÚDE E SANIDADE PÚBLICA

Na actualidade estamos a ver como a Sanidade Pública está a ser desvalorizada por parte dos sucesivos gobernos autonómicos e estatais, de xeito planificado, de cara a favorecer os intereses das compañías privadas de sanidade. Desde a perspectiva da esquerda reafirmámonos no noso compromiso cun sistema sanitario público e de calidade, garante do dereito universal á vida e alicerce básico da igualdade entre a cidadanía. É necesario vincular a todas as administracións neste pacto, evitando os modelos de financiamento ou organización privatizados, en calquera das súas formas.



A mellora da saúde física e mental, centrada no incremento da calidade de vida e na inserción de hábitos saudables, debe ser un dos nosos obxectivos primordiais. O Concello, como lugar de convivencia e de desenvolvemento das actividades que condicionan o noso modo de vida e o noso estado de saúde, é o lugar idóneo para actuar mediante políticas públicas. Debemos desenvolver as competencias municipais en sanidade, consumo e saúde medio-ambiental e reivindicar o control das mesmas. Para isto, Ponteareas en común buscará:

1. Esixir os servizos en **pediatría de urxencias para Ponteareas** e reclamar o aumento do servizo de radioloxía.
2. Reclamar o reforzo de especialidades médicas para o centro de saúde como odontoloxía, psicoloxía, psiquiatría e a inclusión do de xinecoloxía.
3. **Creación dun servizo de odontoloxía municipal.**
4. Apoiar as reivindicacións que faga o persoal sanitario e a veciñanza a nivel municipal de cara á mellora da sanidade pública.

5. Promover un servizo de Planificación Familiar. Un servizo onde acudir a pedir información ou axuda, para mellorar a sexualidade e afectividade, a prevención dos embarazos non desexados e das enfermidades de transmisión sexual, a interrupción voluntaria do embarazo, etc.
6. Cubrir as entradas ao centro de saúde.
7. Promover nun clima de liberdade o respecto e aceptación das opcións afectivo-sexuais de cada persoa e defender os dereitos sexuais e reprodutivos como dereitos básicos.
8. Cumprir coas directrices e orientacións propostas desde a **Rede de Cidades Saudables**, da cal Pontareas é membro, que pretende a promoción e protección da saúde e o benestar da veciñanza, de acordo ao proxecto Healthy Cities da Organización Mundial da Saúde.
9. Defender a medicina preventiva, desenvolvendo campañas para a promoción de hábitos de consumo saudables e da práctica do exercicio físico enfocados ás diferentes idades.
10. **Suprimir a venda de produtos non saudables** en institucións públicas como colexios, instalacións deportivas, centro de saúde, etc. Tanto aqueles que se atopen en cafeterías como en máquinas de vending.
11. Instar ao cumprimento da directiva europea para a protección das radiacións ionizantes (59/2013 EURATOM), como as do radón, xa que Galicia é a zona coa maior concentración e constitúe a segunda causa de cancro de pulmón. Tamén, esixir ao Consello de Seguridade Nuclear os datos a nivel local e o mapa das emisións nos solos edificables.
12. Fiscalizar o cumprimento das medidas de seguridade e saúde nas distintas concesións do Concello.
13. Levar a cabo campañas de **prevención do suicidio**.
14. Dotar aos centros educativos dos servizos de psicoloxía e enfermería.
15. Promoción da práctica do deporte. Creación dunha liña de axudas ao respecto.

PROGRAMA!
programa!
PROGRAMA!